

Peza para dous actores

Víctor Vegas

Tradución Beatriz Méndez Castro
19/10/2010

PERSONAXES

ACTOR

ACTRIZ

ACTO PRIMEIRO

Unha planicie. Noite clara.

*A **Actriz**, de costas ao público, durme envolta nunha saba. Ao seu carón, dous baúis, un de gran tamaño e outro de menores dimensións.*

*O **Actor** atópase sentado moi preto dela, mira cara o firmamento. Xesticula. Coma se contara estrelas. Por momentos parecera perderse na negra inmensidade do ceo. Queda entón inmóbil, inexpressivo; despois repite os mesmos movementos.*

ACTOR: Lucía...

ACTRIZ: (*Somnolenta*) Mmmhhh...

*Silencio. O **Actor** sigue mirando cara o ceo.*

ACTOR: Lucía... (*Sacódea bruscamente*) ¡Lucía!

ACTRIZ: (*Senta, sobresaltada*) ¡Ah!

ACTOR: (*Sinala marabillado*) ¡Unha estrela!

ACTRIZ: (*Molesta*) ¿Espértasteme para iso?

Volve deitar.

ACTOR: Era unha estrela fugaz... (*Reflexiona*) ¡Rápido! ¡Veña! Pidamos un desexo.

ACTRIZ: Pídeo ti. Total, fuches ti quen a viu caer.

ACTOR: ¡Non! Pidamos os dous. Así a probabilidade de que se cumpra o noso desexo será maior.

ACTRIZ: (*Amolada*) Está ben. (*Senta.*) Desexo...

*O **Actor** tápalle a boca.*

ACTOR: ¡Shhhh! Ten que ser en silencio. Ninguén ten porque decatarse. (*Pecha os ollos, desexa fervorosamente. A **actriz** mantén a súa expresión de fastío. Silencio.*) ¡Xa! ¿Qué desexaches?

ACTRIZ: Que me deixes durmir en paz.

ACTOR: Non desexaches o de sempre.

ACTRIZ: ¿E que pasa?

ACTOR: Sempre coincidimos nos nosos desexos.

ACTRIZ: Voume deitar.

Deitase.

ACTOR: Pero... ¿Por que desexar outra cousa diferente?

Silencio.

ACTRIZ: ¿Que tal se dormes xa, eh?

ACTOR: Non podo.

ACTRIZ: ¿Por que?

ACTOR: Teño insomnio.

ACTRIZ: Conta estrelas.

ACTOR: Non sirve de nada. Xa as contei todas.

ACTRIZ: Pois vólvelas contar.

ACTOR: ¡Xa non quero contar estrelas!

ACTRIZ: Conta ovellas logo.

ACTOR: Non me gusta contar ovellas.

ACTRIZ: (*Estourando*) ¡Conta o que che de a putísima gana! ! ¡Cona! ¡Pero déixame durmir en paz!

O Actor érguese .Camiña dun lugar a outro ofuscado. Silencio longo.

ACTOR: Non sei como podes durmir.

ACTRIZ: Non durmo. Ti non me deixas.

O Actor senta no mesmo sitio onde estaba antes.

ACTOR: Será o mesmo das outras noites: sairá o sol e eu estarei aínda aquí, sentado, contando estrelas, e sen ter pechado un ollo en toda a fodida noite.

ACTRIZ: Ti nunca trasnoitas. Son eu a que acaba as noites en vela.

ACTOR: A outra noite pasou. (*Mira cara os baúis*) Mamá estaba onde sempre; eu aquí sentado, e, o sol, saíu xusto cando contaba a derradeira estrela.

ACTRIZ: (*Sen moito interese*) ¿E eu onde estaba?

ACTOR: ¿Ti? (*Reflexiona*) Ti non estabas.

ACTRIZ: (*Senta, estrañada*) ¿Eu non estaba?

ACTOR: Non. Só mamá e eu.

ACTRIZ: Pero... ¿Como? Sempre estamos xuntos.

ACTOR: Non esa vez.

ACTRIZ: Veña. Lembra. Ó mellor esquecéstelo.

ACTOR: Non. Recórdoo ben. Ti non estabas.

ACTRIZ: Non é posible. Sábelo.

ACTOR: É certo...

ACTRIZ: ¿Entón?

ACTOR: Non te lembro alí con nos.

ACTRIZ: Fai un esforzo.

ACTOR: (*Pensa*) ¡Non! (*Pensa*) Ti non estabas.

ACTRIZ: (*Érguese*) ¡Estás mentindo!

ACTOR: ¡Non!

ACTRIZ: Dilo para amolarme. Para evitar que durma. Xa o fixeches outras veces.

ACTOR: Non esta vez. Xúrocho. É a verdade.

ACTRIZ: ¡Bah!

ACTOR: Eu estaba aquí, coma agora. Contemplaba o inmenso ceo... Contaba estrelas para non aburrirme... Mamá onde sempre e... ti... (*Reflexiona*) Ti... ¡Ti non estabas! ¡Non-es-ta-bas!

ACTRIZ: Ó mellor si me atopaba. Só que ti nunca te das conta do que ocorre máis alá dun cuarto do teu nariz... Seguramente estaba aquí, (*Sinala o lugar onde estaba ao comezar o acto*) tendida, envolta na miña saba finxindo durmir.

ACTOR: Tería escoitado a túa respiración.

ACTRIZ: Confundístela coa de mamá.

ACTOR: Sabes que iso non é posible.

ACTRIZ: ¡Vai á merda!

Va cara o lateral esquerdo. Crúzase de brazos. Longo silencio.

ACTOR: (*Intrigante*) Aínda hai unha cousa que non logro entender: había un terceiro baúl, do mesmo tamaño que o máis pequeno, e debaixo deste, unha saba...

ACTRIZ: (*Estrañada*) ¿Unha saba?

ACTOR: Si. Unha saba. (*Érguese e vai cara onde está a Actriz. Colle por un extremo a saba na que está envolta.*) ¡Semellante a esta!

ACTRIZ: (*Arrebátalla*) ¡Déixate de babecadas!

ACTOR: Si. Era igual. Con idénticos estampados e encaixes. Foi por iso que me atrevín a achegarme ata o baúl... Dispoñíame a abrílo cando... ¡Espertei!

ACTRIZ: ¡¿Espertaches?!

ACTOR: Si. Espertei.

ACTRIZ: Entón durmías. ¡Foi un soño! ¡Ah, bastardo!

A Actriz busca pegarlle ao Actor. El fuxe. Ela síguese. Dan un lixeiro rodeo aos baúis e detéñense nos extremos opostos; unha fronte ao outro.

ACTOR: ¿Acaso non che dixen ó principio que todo fora un soño? "Isto que che conto, soñeino". ¿Non che dixen?

ACTRIZ: (*Ameazante*) Deixa que che poña as mans enriba, porco... ¡Mamalón!

Dan outro rodeo. Detéñense.

ACTOR: Pero non hai dubida de que a túa saba e a do meu soño son a mesma cousa. Teño a total certeza.

ACTRIZ: ¡Cala!

Outro rodeo. Detéñense.

ACTOR: ¿ Molestouche? Ogallá non espertara tan pronto. De non ter sido así podería ver o que había dentro do...

ACTRIZ: ¡Cala!

Outro rodeo. Detéñense.

ACTOR: (*Cansado*) ¡Basta! Deixa de acosarme.

ACTRIZ: Déixate alcanzar e deixarei de facelo.

Outro rodeo. A Actriz cambia de dirección, encóntranse, pero ambos derrúbanse exhaustos. Quedan sentados no chan, ombro con ombro, fronte ao público.

ACTOR: (*Arquexante*) ¡Uf! Qué de tempo que non facíamos isto, ¿eh?

Silencio longo.

ACTRIZ: Antón...

ACTOR: ¿Qué?

ACTRIZ: ¿De veras é certo?

ACTOR: ¿Qué?

ACTRIZ: O que acabas de contarme sobre o teu soño.

ACTOR: (Amolado) ¿Qué?

ACTRIZ: O do outro baúl e a saba debaixo.

ACTOR: (Ela sen moito interese) Ah, si, si... Claro.

A Actriz érguese violentamente e o Actor cae. Camiña cara o lateral dereito. Pasos moi lentos pero contundentes. Detense. Medita un momento; mira a saba, quítala. Viste da mesma maneira que o Actor. Dobra a saba, moi coidadosamente; contéplala sen pestanexar. O Actor deixou o seu sitio. Está agora sentado sobre o baúl máis grande. Mirada vaga.

ACTRIZ: (Sinalando a saba) ¿Estás seguro de que era igual a esta?

ACTOR: (Indiferente) Por suposto.

ACTRIZ: ¿Cos mesmos adornos encaixes?

ACTOR: Si.

La Actriz deixa caer a saba. Silencio.

ACTRIZ: ¿Cando foi?

ACTOR: ¿Como?

ACTRIZ: O teu soño. ¿Cando o soñaches?

ACTOR: Non sei. Unha noite.

ACTRIZ: Coma calquera outra.

Camiña de un lado a outro. O Actor mira cara arriba coma se buscara algo.

ACTOR: (Marabillado) ¡Unha estrela! ¡Unha estrela fugaz!

Pecha os ollos, desexa fervorosamente. A Actriz segue co seu paso mecánico, pensativa. Pausa longa.

ACTRIZ: (Detense de improviso) ¡É similar! Non cabe dúbida.

ACTOR: ¡¿Ah?!

ACTRIZ: O teu soño. (Vai cara o Actor apresuradamente) É semellante ao que tiveches noites antes de que ocorrera o que ocorreu. Ti e eu sos nun lugar coma este. O noso baúl (Acaricia o baúl sobre o que está sentado o Actor) aquí; mamá non estaba. Na súa ausencia encontrábase este outro baúl (Sinala o baúl máis pequeno) debaixo do que se atopaba o seu vestido vermello. Foi o teu soño. Unha mañá espertamos e todo era realidade.

ACTOR: ¿Espertamos? (Mira cara os lados despois cara o público, desesperado) ¡¿Pero é que acaso estamos espertos?!

ACTRIZ: Agora repítese o teu soño. Esta vez é a miña saba a que se atopa debaixo dese outro baúl que ata hoxe non existe pero que, quizais moi pronto, ocupe un espazo neste desolado lugar.

Silencio.

ACTOR: (Que estivo outra vez mirando cara o ceo) ¡Nada!

Silencio.

ACTRIZ: Haberá que agardar. Tal vez non suceda nada.

Silencio.

ACTOR: *(O mesmo, desilusionado)* ¡Nada!

Silencio.

ACTRIZ: Mantereime esperta.

Mira cara os lados.

ACTOR: ¡¿Como?!

ACTRIZ: Non podo durmir.

ACTOR: *(Satisfeito)* ¡Xa era hora!

ACTRIZ: ¡Non! Non entendes. Non podo durmir non porque non poda senón porque sei que non podo. ¿Entendes agora?

ACTOR: En absoluto.

ACTRIZ: Non importa. Agora terei que pensar en algo para distraerte, para que non te durmas.

ACTOR: Non teño sono.

ACTRIZ: Xa o terás.

ACTOR: *(Molesto)* ¿onde deixou a súa bola de cristal a señora adiviña?

ACTRIZ: Colleuna un maricón.

ACTOR: *(Érguese, vehemente)* ¡Sempre cres sabelo todo, ¿non?!

ACTRIZ: Só sei o que pasou onte, con iso bástame para saber qué pasará mañá e pasado mañá e... *(Reprímese)* Así sucesivamente.

ACTOR: Detesto que te adiantes os acontecementos.

ACTRIZ: Gústame conxecturar.

ACTOR: ¡Merda!

ACTRIZ: *(Entusiasta)* Quizais chegue a ser unha gran estadista.

ACTOR: *(Irónico)* Non che será difícil neste lugar.

ACTRIZ: *(Doída)* ¡Es desapiadado! Non che bastou con interromper o meu descanso e atormentarme cos teus horribles soños senón que tamén agora destrúes as miñas ilusións. ¡Es desapiadado!

Senta sobre el baúl, salouca. O Actor vai xunto a ela.

ACTOR: Síntoo... *(Abrázaa con tenrura)* Só desexaba demostrarche o moito que te quero...

ACTRIZ: *(Conmovida)* ¿De veras?

ACTOR: Si. Es todo o que teño.

ACTRIZ: ¿E mamá?

ACTOR: É diferente.

ACTRIZ: *(Tras meditar)* Si, claro. É diferente.

O Actor segue abrazado á Actriz; as súas cabezas moi xuntas. O Actor cerra os ollos e queda durmido. A Actriz mira cara o público, soñadoramente. Silencio. O Actor ronca. Aceno de enfado no rostro da Actriz.

ACTRIZ: *(Érguese bruscamente)* ¡Sabíao!

ACTOR: *(Tratando de lograr equilibrio para non caer)* ¡Ah!

ACTRIZ: ¡Quedaches durmido!

ACTOR: ¡Non!

ACTRIZ: Escoite roncar.

ACTOR: Atragoeime coa saliva.

ACTRIZ: Non te creo.

ACTOR: *(Fai coma se afogara con saliva)* ¿Velo?

A Actriz camiña algúns pasos cara a fronte, detense.

ACTRIZ: ¡Conversemos!

ACTOR: Escóitote.

A Actriz medita. O Actor non resiste o peso das súas pálpebras que se pechan. A cabeza contra o peito. Dorme. Silencio.

ACTRIZ: Pero... ¿Sobre que poderíamos conversar?

ACTOR: *(Sobresaltado, esperta)* A lúa...

ACTRIZ: *(Mirando cara o ceo)* É redonda.

ACTOR: Si. Como unha gran pelota.

ACTRIZ: De nena quería chegar ata a Lúa.

ACTOR: Tamén eu.

ACTRIZ: Agora de grande prefiro as estrelas.

ACTOR: *(Garatuxeiro)* Sempre te imaxinei así de ambiciosa.

ACTRIZ: *(Ruborizada)* Grazas.

O Actor cabecea de novo. Durme. Silencio.

ACTRIZ: ¿E agora que?

ACTOR: *(Sobresaltado, esperta)* O baúl...

ACTRIZ: ¿Que baúl?

ACTOR: *(Titubea)* O noso...

ACTRIZ: Nunca máis o abrimos.

ACTOR: É verdade.

ACTRIZ: *(Animada)* ¡Abrámolo!

ACTOR: Non podemos.

ACTRIZ: ¿Por que?

ACTOR: Estou sentado sobre el.

ACTRIZ: Tes razón.

O Actor volve quedar durmido. Silencio.

ACTRIZ: ¿E ben?

ACTOR: *(Sobresaltado, esperta)* as putas...

ACTRIZ: ¡No bordel! Pero ¿a que veñen as putas? ¿Para que falar de putas? *(Pausa)* ¿Estiveches con algunha?

ACTOR: *(Avergonzado, moi baixo)* Non...

ACTRIZ: ¿Como?

ACTOR: *(Un pouco máis alto)* Que non...

ACTRIZ: ¿Non? *(Pícaro)* Pero terás estado con algunha “amiguiña”, ¿non é certo?

ACTOR: *(Avergonzado, moi baixo)* Non...

ACTRIZ: ¿Como?

ACTOR: *(Un pouco más alto)* Que non...

ACTRIZ: *(Asombrada)* ¿Non? ¡¿Como que non?! ¿A túa idade? *(Burlona)* ¡Casto coma un eunuco!

ACTOR: *(Enfadado)* ¡Castrado!

ACTRIZ: *(Escandalizada)* ¡¿Castrado?!

ACTOR: Os eunucos, quero dicir; son castrados, non castos.

ACTRIZ: *(Tras unha pausa, adiantase cara o proscenio)* ¡Ah! Si. ¡Xa recordo! Mamá nunca quixo que ti...

ACTOR: *(Érguese infinitamente molesto)* ¡Cala! *(Sinalando cara o público)* ¡Eles non teñen por que sabelo!

ACTRIZ: ¿Por que non? Se se interesan por nos. Ata pagaron pola entrada.

ACTOR: ¡Bah!

Vai cara un dos laterais. A Actriz mira cara o público con curiosidade. Silencio.

ACTRIZ: ¿E se pasáramos o outro lado?

ACTOR: Non podemos.

ACTRIZ: ¿Por que?

ACTOR: Este é o noso lugar.

ACTRIZ: Pero tamén temos dereito a...

ACTOR: *(Interrompéndoa)* ¡Non.! Eliximos estar deste lado. Non podemos arrepentirmos a estas alturas. Estragariámolo todo.

ACTRIZ: Tal vez teñas razón.

ACTOR: *(Fatuoso)* Teño. Sempre a teño. Volvamos o noso.

ACTRIZ: Xa deixaches o baúl.

ACTOR: Evidentemente.

ACTRIZ: *(Excitada)* ¡Fagámolo entón!

ACTOR: ¡¿Que?!

ACTRIZ: ¡Abrámolo!

ACTOR: ¡¿Que?!

ACTRIZ: O baúl.

ACTOR: ¡Ah!

Van cara o baúl. Ábrenlo. Rexístrano largamente. A Actriz saca unha toga grega, pona, despois saca unha máscara de teatro. O Actor sacou un espello e mirase nel. Xestos burlescos.

ACTRIZ: *(Levándose a máscara á cara)* Isto faime recordar a vez que representei Antígona.

ACTOR: ¿Como?

ACTRIZ: Antígona... filla de Edipo... E Rei.

ACTOR: Non, non. Antes diso... ¿Qué dixeches?

ACTRIZ: ¿Antes? *(Pensa)* ¡Ah! Xa recordo. Dixen: O Baúl.

ACTOR: ¡Non! ¡Non! xusto despois disto e antes daquilo. Reconstrúe toda a oración.

ACTRIZ: ¡Ah! xa comprendo. Dixen *(Voz monótona)*: Isto faime recordar a vez que representei Antí...

ACTOR: *(Interrompéndoa)* ¡Imposible!

ACTRIZ: Foi iso o que dixen. Estou segura.

ACTOR: Non, non. Quero dicir que e imposible que representaras Antígona.

ACTRIZ: ¿Por que?

ACTOR: Porque non recordo ningún detalle da posta en escena.

ACTRIZ: É evidente: ti non participaches.

ACTOR: ¿Como? ¿Non participei?

ACTRIZ: Non,.

ACTOR: ¿Entón?

ACTRIZ: Fíxeno eu soíña porque ti (*Irónica*): ¡durmías! (*Recorda*) ¡Foi apoteósico! Non cesaban de aplaudirme. (*Inclinase, fai reverencia, como agradecendo os aplausos do público. O Actor rexistra desesperadamente no baúl, ao fin atopa o que buscaba; saca outra toga e pona, despois unha máscara.*) Nunca o esqueceréi. (*Declama con ton trágico*) Xa me tes, ¿buscas algo máis que a miña morte?

ACTOR: (*Dubidando un pouco ao principio*) Pola miña parte, nada máis con ter isto, téño xa todo.

ACTRIZ: ¿Que agardas, pois? A min, as túas palabras nin me pracen nin poderían nunca chegar a compracerme, e as miñas tamén a ti che son desagradables. De tódalas maneiras, ¿cómo podería alcanzar máis gloriosa gloria que enterrando a meu irmán? Todos estes che dirían que a miña acción lles agrada, se o medo no lles tivera cerrada a boca; pero a tiranía ten, entre outras moitas vantaxes, a de poder facer e dicir o que lle veña en gana.

ACTOR: De entre todos os cadmeos, este punto de vista é só teu.

ACTRIZ: Que non, que é o de todos; pero ante ti cerran a boca.

ACTOR: ¿E a ti non che avergoña pensar distinto a eles?

ACTRIZ: Nada hai de vergoñento en honrar os irmáns.

ACTOR: ¿E non era acaso o teu irmán o que morreu fronte a el?

ACTRIZ: O meu irmán era, do mesmo pai e da mesma nai.

ACTOR: E, sendo así, ¿cómo tributas a un honores impíos para o outro?

ACTRIZ: Non sería esta a opinión do morto.

ACTOR: Se ti o honras igual que o impío...

ACTRIZ: Cando morreu non era o seu escravo; era o seu irmán.

ACTOR: Que viña a arrasar co país; e o outro opúxose na súa defensa.

ACTRIZ: Con todo, Hades require leis igualitarias.

ACTOR: Pero non que o que obrou ben teña a mesma sorte que o malvado.

ACTRIZ: ¿Quen sabe se alí abaixo a miña acción é eloxiable?

ACTOR: Non, en verdade non, que un inimigo, nin morto, será xamais o meu amigo.

ACTRIZ: Non nacín para compartir o odio senón o amor.

ACTOR: Pois vaite abaixo e, se che quedan ganas de amar, ama aos mortos que, a min, mentres viva non me mandará unha muller. *

ACTRIZ: (*Voz normal*) ¡Perfecto! Outro non podería facelo mellor.

ACTOR: (*Desanimado*) Paréceme que decaín un pouco cara o final.

ACTRIZ: Non. Non creo. ¡Estiveches estupendo!

ACTOR: É unha escena difícil.

ACTRIZ: Por suposto.

ACTOR: ¡A dicción! ¡Iso! Estivo deficiente.

ACTRIZ: Non, non. De ningunha maneira (*Pausa, logo expectante*) ¿Qué tal estivo a miña representación?

ACTOR: ¡Insisto! A miña dicción foi defectuosa.

ACTRIZ: ¿Que opinión che merece a miña representación?

ACTOR: Debería practicar con algúns trabalinguas.

ACTRIZ: ¿Que dis da miña representación?

ACTOR: Tras tres tragos e outros tres tras os tres tragos trago e trago con estrago.

ACTRIZ: ¿Que tal a miña representación?

* Tomado de Antígona de Sófocles

ACTOR: Retumba o trono con trágica e tétrica repercusión repetindo o seu eco con resonancia prolongada.

ACTRIZ: ¿Cómo estivo a miña representación?

ACTOR: Tamén necesitarei un espello e moitísima precaución...

ACTRIZ: (*Estalando*) ¡Vai a merda!

ACTOR: ¡Eh! ¿Dixeches algo?

ACTRIZ: Non abrín a boca.

Quita a toga. Tíraa a un lado xunto coa máscara.

ACTOR: Crin que te escoitara...

ACTRIZ: Imaxinástelo.

ACTOR: Pode ser.

*Igual coa máscara e a súa toga. A **Actriz** sentou no centro da escena. O **Actor** vai sentar xunto a ela. Silencio.*

ACTRIZ: A veces preguntome se ti e eu non tivéramos tanto en común ¿como serían entón as nosas vidas?

ACTOR: *(Que estivo mirando cara arriba)* O ceo ennegreceuse.

ACTRIZ: E por máis que o intento non podo imaxinalo...

Pecha os ollos. Concentrase.

ACTOR: Quizais chova esta noite.

*Érguese , vai cara o baúl, ábreo, saca un paraugas, pecha o baúl. Regresa sobre seus pasos. Detense, abre o paraugas, mírao sen pestanexar un bo rato. Senta a uns poucos pasos da **Actriz**.*

ACTRIZ: As veces a costume embrutece.

ACTOR: ¿Dixeches algo?

ACTRIZ: Non abrín a boca.

ACTOR: Crin que te escoitara.

ACTRIZ: Imaxinástelo.

ACTOR: Pode ser.

Silencio longo.

ACTRIZ: Esta situación comezou a afogarme.

ACTOR: ¿Como?

ACTRIZ: ¡Asfíxiome!

ACTOR: Non te comprendo.

ACTRIZ: ¡Iso!

ACTOR: ¿Que?

ACTRIZ: ¡Non me comprendes! ¡Nunca comprendes nada! *(Melodramática)* É terrible non ser comprendido.

ACTOR: Si. *(Reflexiona)* Compréndote.

ACTRIZ: ¿Xa amence?

ACTOR: Non o sei. *(Mira cara o ceo.)* A Lúa moveuse pouco. Moito. Nada.

ACTRIZ: Contradiste a cada minuto.

ACTOR: Así demostro que estou vivo.

O Actor pecha o paraugas, déixao a un lado.

ACTRIZ: *(Tras reflexionar)* Iso é importante.

ACTOR: ¿Que?

ACTRIZ: Demostrarlle o mundo que estás vivo.

ACTOR: Por suposto.

ACTRIZ: E sentilo.

ACTOR: Evidentemente.

ACTRIZ: Eu as veces sinto que estou morta.

ACTOR: ¿Cándo?

ACTRIZ: Dende que nacín. Nin sequera sentín a cachelada da parteira.

ACTOR: ¡Mentes! Eu vinte chorar.

ACTRIZ: Imposible.

ACTOR: ¿Por que?

ACTRIZ: Nacín antes ca ti.

ACTOR: Só uns minutos. Cando me sacaron a min, ti aínda chorabas.

ACTRIZ: (*Conmovida*) ¿De veras?

ACTOR: Si.

ACTRIZ: (*Estrañada*) Pero, entón, ¿como é que non o recordo?

ACTOR: Tes mala memoria.

ACTRIZ: Non. Iso non. (*Pausa*) ¿Que che dicía?

ACTOR: (*Imitando a voz da Actriz*) Eu as veces sinto que estou morta.

ACTRIZ: Ah, si. Como se estivera dentro dun ataúde.

ACTOR: ¡Un baúl!

ACTRIZ: ¡Un ataúde! Nunha praza concorrida; a xente pasando o meu redor. Algúns acércanse e venme con ollos tristes. Eu intento falarlles pero as palabras non saen da miña boca. Intento levantarme e ningún dos meus músculos responden a estes impulsos. Pregúntome entón ¿é posible estar morto e ver como a vida segue o seu paso sen ti? E observo como a xente na súa torpe presa vai deixando a un lado o que e realmente importante. É entón cando me inunda unha gran tristura posto que teño a certeza de ter vivido como eles.

ACTOR: ¿E non apestas?

ACTRIZ: Non.

ACTOR: (*Reflexivo*) Sen sentidos pero sentes.

ACTRIZ: ¡Exacto!

ACTOR: Coñezo a moitos que padecen do contrario.

ACTRIZ: ¿Como?

ACTOR: Teñen os seus sentidos completos pero non senten nin papa.

ACTRIZ: Pero ¿qué relación ten iso que dis co que che acabo de contar?

ACTOR: Non o sei. (*Colérico*) ¡Ti e a túa maldita teima de buscar relacións entre as cousas!

ACTRIZ: Creo que seguirei confinada no meu ataúde.

ACTOR: ¡Baúl!

ACTRIZ: ¡Ataúde! ¿Xa amence?

ACTOR: Non o sei. (*Mira cara o ceo*) A Lúa moveuse pouco. Moito. Nada.

ACTRIZ: Pasou outro minuto.

Silencio.

ACTOR: (*Somnolento, bocexa*) ¿E agora qué?

ACTRIZ: Déixame pensar.

Pensa.

ACTOR: Vou durmir.

ACTRIZ: (*Asustada*) ¡Non!

ACTOR: ¿Por que?

ACTRIZ: Non podes.

ACTOR: ¿Por que?

ACTRIZ: Quedaría soa.

ACTOR: ¿E que pasa?

ACTRIZ: Non quero estar sola.

ACTOR: (*Achegándose a Actriz*) entón durmirei aquí, o teu lado, moi xuntiños...

ACTRIZ: ¡Non! Non é o mesmo. Estarás pero non estarás. Como mamá... (*Angustiada*) Pode sucederme algo...

ACTOR: ¿Por qué habería de sucederche algo?

ACTRIZ: O teu soño.

ACTOR: ¿Que soño?

ACTRIZ: O baúl... A saba debaixo...

ACTOR: Ah... entón durmirei e soñarei que non soñei nada.

ACTRIZ: ¡Non! Non serve.

ACTOR: ¿Por que?

ACTRIZ: Eu saberei que o soñaches.

ACTOR: Entón non soñarei.

Pausa.

ACTRIZ: ¿Quedas?

ACTOR: Así parece.

ACTRIZ: Xa se nos ocorrerá algo para non aburrirnos.

ACTOR: Tal vez.

Pausa.

ACTRIZ: ¡Xa sei! Fagamos o que fai o resto da xente.

ACTOR: ¿Que?

ACTRIZ: Digámonos mentiras.

ACTOR: ¡Excelente idea!

Reflexionan uns minutos, despois érguense e camiñan cara o proscenio. Detéñense. Comezan a parolar monotonamente adaptando a voz e os xestos a cada unha das frases que irán dicindo. Todo con moitísima rapidez.

ACTRIZ: ¡Son feliz!

ACTOR: A partir de hoxe serei un home distinto.

ACTRIZ: Nunca fun nin serei escrava do tempo.

ACTOR: Nunca fun ni serei vaidoso.

ACTRIZ: Estou absolutamente segura.

ACTOR: Creo e respecto a Liberdade.

ACTRIZ: Oh, fágoo sen ningún interese.

ACTOR: Sobre todo, o home é o máis importante...

ACTRIZ: ¡Somos libres!

ACTOR: ¡Ah, como te coñezo!

ACTRIZ: ¡Está perfecto!

ACTOR: Sempre dixen a verdade.

ACTRIZ: (*Voz normal*) Oh, moi boa mentira. Felicítote.

ACTOR: (*Compracido*) Grazas.

ACTRIZ: Non teño nada máis que aprender.

ACTOR: Todos somos iguais.

ACTRIZ: Os nenos merecen o noso respecto.

ACTOR: ¡Nunca máis!

ACTRIZ: Non hai nada de que preocuparse.

ACTOR: Mañá todo irá mellor.

ACTRIZ: Qué adiantadas van as cousas.

ACTOR: No lle debo nada a ninguén.

ACTRIZ: Carezo de todo egoísmo.

ACTOR: Agora, neste momento...

ACTRIZ: Serei fiel ata a morte.

ACTOR: Unha palabra di todo e di nada.

ACTRIZ: (*Brandindo un pano, entre saloucos*) ¡Adeus! Nunca te esqueceréi.

ACTOR: ¡Qué rápido pasa o tempo!

ACTRIZ: Amareite eternamente.

ACTOR: (*Voz normal, xestos repulsivos, con asco*) ¡iso foi nauseabundo!

ACTRIZ: ¿Ti cres?

ACTOR: E a mellor mentira que escoitei na miña vida.

ACTRIZ: ¿Realmente?

ACTOR: ¡Acabouse! (*Enfadado*) Por máis que me esforce non poderei dicir mentira maior a esa.

Senta no mesmo lugar onde estaba ao comezar o acto. A Actriz crúzase de brazos. Pausa larga.

ACTRIZ: ¿E que nunca vai amencer?

ACTOR: ¿Que ganaríamos con iso?

ACTRIZ: Non sei. Outro día, quizais.

ACTOR: ¿E que faríamos con outro día?

ACTRIZ: (*Pensa*) Pois...

ACTOR: (*Ponse de pe, violento*) ¡Nada!

ACTRIZ: ¿Como?

ACTOR: ¡Digo que nada! Que é o que os dous facemos día tras día neste cochino lugar. ¡Nada!

ACTRIZ: Serás ti, porque o que son eu espero a que caia a noite.

ACTOR: ¿Para que?

ACTRIZ: (*Dubida*) Para esperar a que amenza.

ACTOR: ¿Para que?

ACTRIZ: (*Igual*) Para esperar a que chegue outra noite.

ACTOR: ¿Para que?

ACTRIZ: Para... (*Molesta*) ¡Xa me fartaches!

Pausa.

ACTOR: É ridícula.

ACTRIZ: ¿Que?

ACTOR: A nosa vida. Carece de todo sentido.

ACTRIZ: ¿Que queres? Nunca antes nos preocupamos por darllo.

ACTOR: ¿Imaxínaste? Cen anos máis adiante, cando deixemos de existir, ninguén saberá de nos. Non saberán, por exemplo, que estivemos hoxe aquí, diante desta turba... Atrevéndonos a facer cousas que outros non se atreverían... ¡Actuando! (*Breve pausa, logo vehemente.*) Non coñecerán os teus tormentos, as miñas teimas.

(*Abatido*) ¡É inxusto!

ACTRIZ: (*Consolándoo*) Tranquilo... xa... cálmate...

ACTOR: Coa nosa... Morte... ... EXTINGUIremnos... do... MUNDO... para... SEMPRE...

Pausa.

ACTRIZ: A menos que...

ACTOR: ¡¿Que?!

ACTRIZ: Alguén escriba sobre nos...

ACTOR: ¿Alguén?

ACTRIZ: Unha persoa que relate a historia da nosas vidas.

ACTOR: Podería servir...

ACTRIZ: Que divulgue os nosos temores.

ACTOR: ¡Exacto!

ACTRIZ: O noso egoísmo.

ACTOR: Cada un dos nosos vicios.

ACTRIZ: Que venere a nosa vaidade.

ACTOR: A nosa perversión, a nosa depravación.

ACTRIZ: Que sexa o suficientemente grotesca.

ACTOR: Extravagante.

ACTRIZ: Petulante.

ACTOR: Enxeñosa.

ACTRIZ: Insoportable.

ACTOR: (*Súbito*) ¡Eu!

ACTRIZ: (*Admirada*) ¡¿Ti?!

ACTOR: (*Emocionadísimo*) ¡Si! ¡Eu! Será un relato autobiográfico.

ACTRIZ: (*moi excitada*) Si. Si.

ACTOR: Unha confesión; o noso diario íntimo.

ACTRIZ: ¡Claro!

ACTOR: Escrito en primeira persoa.

ACTRIZ: Evidentemente.

Van cara o baúl. O Actor ábreo, saca un megáfono, vólveo pechar; monta sobre el.

ACTOR: ¡Silencio! Comezarei. (*Leva o megáfono a boca*) O meu pai e miña nai coñecéronse unha fermosa tarde de inconmensurable crepúsculo...

ACTRIZ: ¡Hei! ¿Por qué?

ACTOR: ¿Cómo podo sabelo? Non estiven alí.

ACTRIZ: Non, quero dicir, ¿por qué comezas por aí?

ACTOR: Será necesario mencionar os nosos proxenitores, ¿non?

ACTRIZ: Por favor, reflexiona. ¿Merece, (*Despectiva*) “ese señor”, ser mencionado na nosa biografía?

ACTOR: ¿Nosoi pai? (*Pensa*) Abandonou a nosa nai...

ACTRIZ: Despois de posuíla...

ACTOR: Negou a súa participación no feito.

ACTRIZ: ¡Exacto!

ACTOR: (*Leva de novo o megáfono a boca, melodramático*) A nosa nai, triste e abandonada...

ACTRIZ: Está mellor.

ACTOR: Levando entre as súas laceradas entrañas...

ACTRIZ: Moito mellor.

ACTOR: A semente dun canalla...

ACTRIZ: *(Aplauda, emocionadísima)* ¡Bravo! ¡Bravo! ¡ gústame ! ¡ gústame!

ACTOR: *(Decepcionado)* A min non.

ACTRIZ: ¿Por qué?

ACTOR: Puxen moito énfase nela. ¿Qué hai de nos?

ACTRIZ: E certo.

ACTOR: A ver. Practiquemos.

Descende do baúl. Coloca o megáfono no chan. Camiña cara o centro da escena, despois cara o proscenio.

ACTRIZ: *(Excitada)* ¡Escóitote! ¡Escóitote!

Vai e senta sobre o baúl.

ACTOR: Ti e eu... *(Reflexiona)* ¡Non! *(Reflexiona)* Ela e eu... *(Reflexiona)* ¡Si! Está mellor. *(Reflexiona)* Aquel día recórdoo ben. Íbamos todos a través dese túnel escuro... húmido... acetoso... Non a coñecía entón. Moviámonos enerxicamente contra corrente. *(A Actriz, de pe sobre o baúl, os brazos pegados ao corpo, as pernas moi unidas; fai movementos ondulatorios como se fora una serpe ou un espermatozoide.)* Un recorrido hostil. Sen dúbida. Só os máis fortes chegarían. *(Pausa)* Quizais media hora despois —tres cuartos de hora, tal vez—, sorprendeunos esa poallada acre. *(Triste)* Moitos morreron. *(Vigoroso)* ¡Pero non había tempo para lamentacións! Os sobreviventes debíamos continuar. *(Pausa)* O final chegamos o noso destino. *(A Actriz, paulatinamente, incrementa o ritmo dos seus movementos)* Puiden... advertilo... pola sustancia que nos conduciu ata esas esferas transparentes. Era o punto crucial do recorrido. Sen dúbida. Só un de nos podía atravesalas. *(Con énfase)* Rápido, ela e eu, esforzándonos en ser os primeiros. *(A Actriz rapidísima nos seus movementos.)* Ela atravesou unha das esferas, eu outra. *(A Actriz detense.)* Dende entón soubemos que seríamos o que somos. Media hora despois empezaban as divisións habituais: dous, catro, oito... *(Indiferente)* En fin... Perdín a conta. *(Pausa)* Con ela pasaba igual. *(Pausa)* Comezamos entón a descender. *(A Actriz empeza a contraer o seu corpo, moi suavemente.)* Había que buscar un lugar seguro onde resgardarnos e intentar crecer naquela inmensidade hostil... Día primeiro, día segundo, día terceiro... e... así sucesivamente... Día sétimo: encontrámolo. *(A Actriz queda anicada sobre o baúl.)* O resto sería fácil. o traballo dun parasito. *(Pausa)* Mes primeiro: sinto latir o corazón que latirá dentro de min ata o día da miña morte. Bosquexanse os meus ollos, orellas; un incipiente cerebro. Sinto crecer brazos e pernas. *(Pausa)* Mes segundo: paso de cágado a home —todavía hoxe teño as miñas dúbidas—, sinto que se axusta a miña cara, formase a miña boca, nariz e ollos. Costelas. Esternón. Glándulas sudoríparas. Desenvólvese o meu cerebro —todavía hoxe teño as miñas dúbidas—. A miña cabeza e demasiado grande. *(A Actriz levanta lentamente a cabeza, con esforzo, móvea, coma se lle pesara unha inmensidade.)* Con ela pasa igual. *(Pausa)* Mes terceiro: son capaz de reaccionar ante estímulos externos. *(Xestualidade da Actriz: triste, conmovida, aterrada, etcétera.)* Trago deste líquido no que floto. *(Aceno de desagrado.)* ¡Aaaagggghh! Sabe a auga de mar. Excréto a través dos meus... riles. Sinto formarse as miñas cordas vocais, coas que non pararei de falar estupideces durante toda a miña puta vida. Podo mover brazos e pernas. *(Faino, flexionando suavemente. A Actriz o mesmo.)* Con ela pasa igual. *(Pausa)* Mes cuarto: a nosa nai pode sentirnos. Dende entón comezamos a darlle molestias. *(Pausa)* Sinto que se bosquexa esa peluxe que será o meu cabelo e as miñas cellas. Tamén as miñas pegadas dactilares. As que me diferenciarán do resto da xente —todavía hoxe teño as miñas dúbidas—. A miña pel e vermella e engurrada. Cando estea vello recordarei este estado. Con ela pasa igual *(Pausa)* Mes quinto: os meus músculos están máis fortes. A miña pel e máis grosa. Dende fora deben escoitarse os meus latexos. Cento vinte. Cento trinta por minuto. *(Pausa)* Durmo a ratos. Escoito ruídos externos. ¡Gritos! ¡Xemidos! ¡Choros! ¡Nada máis! Con ela pasa igual. *(Pausa)* Mes sexto: teño esa fina capa de tecido adiposo. Abro os ollos. ¡Aaahhh! Por fin a vexo. ata entón só escoitara os seus latexos que se confundían cos meus. Está alí... tan cerca... pero... tan lonxe... Tamén ela me mira. *(Pausa)* Mes sétimo: decidimos saír. Calquera outro tería esperado. Pero nos non. Temos presa.

Úrxenos estar fora. ¡Queremos coñecer o mundo! Por outro lado, as condicións de supervivencia aquí dentro deteriorouse enormemente. Os alimentos escasean... ¡Oxitocina! ¡Oxitocina! (A *Actriz* *moveuse con brusquidade*) ¡Saír! ¡Coñecer o mundo! ¡Ver a luz! ¡Respirar! ¡Aaaaah! Xa empezan as contraccións. (Os *movementos da Actriz sobre o baúl fanse máis violentos.*) Dor. ¡Dor! A dor unida a vida... Sempre... (*Vehemente*) ¡Oxitocina! ¡Oxitocina! ¡Axúdenos a saír!... ¡Queremos ver a luz!... ¡Respirar!... ¡Ela nacerá!... ¡Eu nacerei!... ¡Naceremos!

Escuro. Choro de nenos.

ACTO SEGUNDO

A Actriz está sentada no mesmo sitio onde estivo o Actor ao erguerse o pano no primeiro acto. Mira cara o ceo, xestos: conta estrelas. O Actor, anicado en posición fetal, dorme ao seu lado, de fronte ao público.

ACTRIZ: Dez mil novecentas corenta e nove, dez mil novecentas cincuenta, dez mil novecentas cincuenta e... (*Detense*). Mira ao seu arredor, estupefacta. *Queda inmóbil un momento. Con lasitude, inclina o seu corpo cara adiante, apoiase coas mans no chan. A gatas, arrastrase cara o lateral esquerdo, uns metros, detense, mira ao lonxe, a man de viseira, regresa sobre seus pasos. Reflexiona. O mesmo cara o lateral dereito; regresa sobre os seus pasos. Reflexiona. Mira cara os focos, a man de viseira. Reflexiona.*) ¡Aquí estamos outra vez!

Sacude ao Actor.

ACTOR: (*Senta, sobresaltado*) ¡Ah!

ACTRIZ: Acabouse o descanso.

ACTOR: (*Fretándose os ollos*) ¿Todo sigue igual? *Estira os brazos, bocexa.*

ACTRIZ: Non hai novidade. ¿Ti qué tal?

ACTOR: Reconfortado. (*Anesgado, flexiona brazos e pernas*) Nada máis vigorizante que durmir, ¿verdade?

ACTRIZ: Uhú.

ACTOR: ¿E ti?

ACTRIZ: Non peguei ollo en toda a noite.

ACTOR: ¿Que fixeches durante todo este tempo?

ACTRIZ: Contaba estrelas.

ACTOR: ¡Vaia! Bonito entretemento.

ACTRIZ: ¿Soñaches?

ACTOR: Tal vez. (*Reflexiona, enfadado*) Pero non recordo.

ACTRIZ: Xa recordarás.

O Actor mira ao seu redor.

ACTOR: ¿E toda esta desorde?

ACTRIZ: Fixémolo fai un rato.

ACTOR: ¿Nos?

ACTRIZ: (*Trivial*) ¿Quen máis?

ACTOR: A miña mente quedou en branco.

ACTRIZ: Non te preocupes. Xa se encherá outra vez de toda a nosa porcallada.

O Actor érguese, camiña e comeza a recoller as cosas regadas na escena: recolle as togas e as máscaras. Mira unha das máscaras a distancia do seu brazo. Ri. Pona.

ACTOR: (*Enérxico*) ¡Yo, Antonio!...

Rí.

ACTRIZ: ¿Qué fas?

ACTOR: Recordando vellos tempos.

ACTRIZ: (*Abstraída*) Todo tempo pasado foi mellor.

ACTOR: iso din.

ACTRIZ: Recórdame incluía entre as nosas mentiras.

O Actor segue recollendo cousas: colle o paraugas, ábreo, pono sobre a súa cabeza, quítao, mira cara arriba.

ACTOR: Está despexado. Non choverá.

Cerra o paraugas. Sigue co seu.

ACTRIZ: ¿Qué fas?

ACTOR: Trato de poñer orde. Detesto a desorde.

ACTRIZ: Ah...

O Actor segue recollendo cousas: colle o megáfono. Léva a boca.

ACTOR: (*Voz de mariñeiro*) Mulleres e nenos primeiro...

ACTRIZ: ¿Qué fas?

ACTOR: Divírtome afundindo un barco. (*leva o megáfono a boca. Voz de mariñeiro.*) O capitán e os mariñeiros afundirémonos ca nave...

ACTRIZ: Polo menos poderías tratar de serlle fiel os tempos que corren e adaptar o texto a época.

ACTOR: ¿Como?

A Actriz érguese, vai cara el, quítalle o megáfono, léva a boca.

ACTRIZ: (*Voz de mariñeiro*) Capitán e mariñeiros primeiro... Mulleres e nenos... (*Bárbara*) ¿Qué se vaian ata o cu do mar!

ACTOR: (*Emocionado*) Fidelísima adaptación.

ACTRIZ: Non en van me considero cidadana do mundo.

ACTOR: Tes unha espléndida imaxinación.

ACTRIZ: Algún día escribirei un libro.

ACTOR: (*Súbito*) ¡Iso é!

ACTRIZ: ¿Qué?

ACTOR: (*Incerto*) Escribir... (*Medita*) Eu tiña que escribir algo...

ACTRIZ: Por suposto.

ACTOR: Pero ¿qué?

ACTRIZ: A nosa biografía.

ACTOR: (*Infinitamente contento*) ¡A nosa biografía! ¡Si! ¡Si! ¡Xa recordo! ¡Recordeino todo! ¡Todo canto fixemos fai un rato! ¡Non se me poderá esquecer outra vez! ¡No poderá esquecerseme xamais!

ACTRIZ: Si, claro. Ata que durmas outro bo rato.

ACTOR: (*Igual*) ¡Certo! ¡Ata que...! (*Inmutable, á Actriz*) Es detestable.

ACTRIZ: Sempre é igual. Non sei por qué tanto xúbilo por recordar cousas. Eu sería inmensamente feliz se o esquecera todo. ¡Todo! Sería como... (*Pensa*) ¡Sería como volver nacer!

ACTOR: (*Anhelante*) Volver nacer...

ACTRIZ: ¡Exacto! Quizais non cometería as estupideces de sempre.

ACTOR: Pero estaríamos aquí.

ACTRIZ: E iso que importa. Representaríamos outro papel... (*Pausa*) ¿No che farta todo isto?

O Actor da algúns pasos cara adiante. Mira ao seu redor, turbado, aperta contra o seu peito as cousas que recolleu da escena.

ACTOR: Isto agrádame...

ACTRIZ: Xa o sei. Xa o sei. Tamén a mín. Pero a veces chegamos a detestar o que amamos, aínda cando despois sintamos a mesma sensación do comezo... (*Pausa*) “Amor e odio son cornos da mesma cabra”. (*Pausa*)

¿Non che farta todo isto?

ACTOR: Díxenche que isto me gusta.

Vólvese, quíttalle o megáfono á Actriz e camiña cara o baúl; ao chegar detense. Inclínase sobre el e intenta abrilo. Non o consegue pois ten ambos brazos ocupados. Érguese. Reflexiona. Sorrí Levanta a súa perna dereita, cambalease, ao final, logra abrir o baúl coa perna, tira as cousas que ten no seu interior, deixa caer a tapa. Sorrí, satisfeito.

ACTRIZ: Non vale a pena discutir contigo.

ACTOR: A veces sorpréndeme as cousas que se me veñen a cabeza.

ACTRIZ: Cambiemos de tema.

ACTOR: ¡¿Como?!

ACTRIZ: Propóñoche que conversemos sobre outra cousa.

ACTOR: Paréceme razoable.

ACTRIZ: A ver... Falemos sobre a nosa biografía. ¿Paréceche ben?

ACTOR: Si. Estou de acordo.

ACTRIZ: ¿Cómo vai?

ACTOR: ¿Qué?

ACTRIZ: A nosa biografía.

ACTOR: Oh, estupenda, estupenda: crescendo...

ACTRIZ: (*Interesadísima*) ¿Ah, si? ¿Moitas cuartillas escritas?

ACTOR: Ningunha.

ACTRIZ: ¡¿Cómo que ningunha?!

ACTOR: Ningunha en papel. Pero teño varias aquí dentro.

Sinala co índice dereito a súa cabeza.

ACTRIZ: ¿Cantas?

ACTOR: Setecentas setenta e sete.

ACTRIZ: ¡Bravo!

ACTOR: (*Enfadado*) No entanto, estiven revisando...

ACTRIZ: (*Preocupadísima*) ¿E...?

ACTOR: Presentouseme un pequeno problema.

ACTRIZ: ¿Cal?

ACTOR: Penseino... Mediteino...

ACTRIZ: ¿E...?

ACTOR: Sigue alí.

ACTRIZ: (*Ao bordo da histeria*) ¿entón?

ACTOR: E terrible.

ACTRIZ: ¿entón?

ACTOR: ¡Gravísimo!

ACTRIZ: ¿entón, entón?

ACTOR: Compromete...

ACTRIZ: (*Estourando*) ¡Cona! ¡solta xa!

Silencio.

ACTOR: Tras a primeira páxina, todas as demais páxinas se asemellan.

ACTRIZ: (*Desolada*) ¡Merda!

ACTOR: Son idénticas. Setecentas setenta e sete páxinas idénticas. ¿Imaxínaste? ¿Qué editor vai querer publicar e distribuír un libro coas súas setecentas setenta e sete páxinas iguais? (Pausa) ¡É decepcionante!

Deixase caer sobre o chan.

ACTRIZ: É para morrer. (*Igual. Pausa. Despois esperanzadora.*) Pero debe existir algunha alternativa... algún medio... unha saída...

ACTOR: Volver a nacer e facer cousas diferentes día tras día.

ACTRIZ: (*Desalentada*) ¡Carallo! Iso é demasiado...

ACTOR: Resignémonos. Non pasaremos á posteridade.

ACTRIZ: ¡Mágoa! Xa me acostumara a idea.

ACTOR: É o único que sabemos facer.

ACTRIZ: ¿Que?

ACTOR: Acostumarnos as cousas.

ACTRIZ: É verdade.

Silencio longo.

ACTOR: ¿Acaso imos quedarnos de brazos cruzados o resto da noite?

ACTRIZ: ¿Que podemos facer?

ACTOR: Non sei. Calquera cousa. Non podemos desperdiciar así o noso tempo. Pensemos en algo.

Pensa.

ACTRIZ: Ás veces desperdiciamos o noso tempo pensando en como non desperdicialo.

ACTOR: ¿Dixeches algo?

ACTRIZ: Non abrín a boca.

ACTOR: Crin terte escoitado.

ACTRIZ: Imaxínástelo.

ACTOR: Pode ser.

Pausa.

ACTRIZ: Creo que é hora dos nosos exercicios.

ACTOR: ¿De veras?

ACTRIZ: (*Mira cara o ceo*) A Lúa está no punto exacto.

ACTOR: (*Ídem*) ¡É certo!

ACTRIZ: ¿entón?

ACTOR: Comecemos.

ACTRIZ: Ben.

Érguense. Ambos camiñan cara o baúl. O Actor ábreo e saca unha pequena caixa da que, a súa vez, extrae un mangado de cartas. A Actriz intenta quitarllas.

ACTOR: ¡Non! A última vez escollín eu. Correspóndeches a ti escoller esta vez.

ACTRIZ: De acordo.

O Actor mestura coidadosamente as cartas, despois esténdellas á Actriz. Esta, cubríndose os ollos coa man esquerda, toma unha do mangado estendido coma un abanico, alárgaa despois ao Actor que lla colle moi celosamente e vólvese de costas a ela. A Actriz, intranquila, intenta mirar sobre os ombros de el. Da pequenos saltiños. Silencio.

ACTOR: (*Regresando con rapidez a carta ao feixe*) Exercicios sete, dez e once.

A Actriz camiña con malestar cara o centro da escena. Detense. Progresivamente, dende os talóns á cabeza, fai que todo su corpo se tense mentres inspira aire. Relaxa o colo; a barbela contra o peito, a continuación afrouxa sucesivamente ombros, cintura, xeonllos e pes, hasta caer ao chan, todo, mentres exhala o aire contido nos seus pulmóns. Pausa. Ergue a cabeza con lasitude. Mira cara o público. Xestos de ansiedade. Érguese bruscamente. Corre cara o lateral esquerdo. Detense. Mira cara o seu redor con gran desconcerto. Corre cara o lateral dereito. Detense. Repite os mesmos xestos. Corre cara proscenio. Detense. Xestos de impetración. As mans apuñadas sobre o peito, esténdelas con brusquidade cara adiante. Implora terriblemente. Contrae os brazos con lasitude. Confundida, retrocede. Detense. Cubre o rostro coas súas mans. Deixase caer ata que a súa cabeza toca o chan. Ergue a cabeza. Mira cara o público. Xestos de rancor. Érguese con rapidez. Corre cara o lateral dereito. Detense. Cruza a escena dun lado a outro sen deixar de mirar cara o público. Xestos de reproche.

Detense ao chegar ao lateral esquerdo. De improviso corre cara o centro. Detense. Mira ao seu redor, cara arriba. Brazos estendidos, xestos de impetración, deixase caer. Ergue a cabeza.

Rí. Corre cara o lateral esquerdo. Detense. Mira cara o público. Rí. Corre cara o lateral dereito. O mesmo. Rí. Violentamente pasea sobre toda a escena como unha experimentada danzante. Rí. Detense no centro para xirar sobre a súa perna esquerda: seis, sete voltas. Rí. Derrúbase sobre o chan. Boca arriba, estende los brazos. Rí. Xestos obscenos. Rí. Érguse. Xestos de temor. Retrocede. Corre pola escena extraviada. Vai cara o Actor, que se mantivo inmutable no mesmo lugar. Cae aos seus pes. Longa pausa.

ACTRIZ: (*Érguendo a mirada cara o rostro do Actor*) ¿Que tal o fixen?

ACTOR: (*Distraído*) ¡Ah!

ACTRIZ: Os meus exercicios sete, dez e once, ¿que tal os fixen?

ACTOR: Os teus... (*Indiferente.*) Síntoo. Non lle prestei atención. ¡Que torpe! (*A Actriz ponse de pe, infinitamente molesta.*) Distraínme recordando o meu soño de fai un anaco: eu sentado nun lugar coma este. Mamá onde sempre e ti...

ACTRIZ: (*Con vehemencia*) ¡Bastardo!

Intenta pegarlle. O Actor fuxe; ela sígueo. Dan un lixeiro rodeo aos baúis e detéñense nos extremos opostos. Todo como no primeiro acto.

ACTOR: ...Ti non estabas. Na túa ausencia encontrei ese outro baúl con estrañas inscricións e debaixo deste ti...

ACTRIZ: (*Irritada*) Deixa que che poña as mans enriba, porco, mamalón.

Dan outro rodeo. Detéñense.

ACTOR: ...Saba. ¿Dixenche que esta vez cheguei a abril, mirar dentro, distinguir entre a escuridade?

ACTRIZ: (*Desesperada*) ¡Cala!

outro rodeo. Detéñense.

ACTOR: ¡Cinzas! ¡Iso! Dentro dos baúis atopei só cinzas...

ACTRIZ: (*Cubríndose os oídos*) ¡Cala! ¡Cala! ¡Cala!

Cae abatida sobre o baúl máis grande. Salouca. Pausa larga.

ACTOR: (*Achégase para consolala*) Síntoo.

ACTRIZ: Es desapiadado.

ACTOR: Só desexaba demostrarche o moito que te quero.

ACTRIZ: (*Conmovida*) ¿De veras?

ACTOR: Cando me deixes, votareite de menos. Tal vez chore un pouco.

ACTRIZ: ¿En serio faralo?

ACTOR: ¡Por suposto!

ACTRIZ: ¿Canto?

ACTOR: Pode que inunde este lugar.

ACTRIZ: (*Fascinada*) ¿Tanto?

ACTOR: (*Dubitativo*) Si... ben, iso creo.

Pausa.

ACTRIZ: ¿E levarás flores a miña tumba?

ACTOR: (*Estrañado*) ¿A túa tumba? (*Molesto*) ¿No che parece que pretendes demasiado?

ACTRIZ: Síntoo. (*Pausa*) ¿Porás flores sobre o meu baúl?

ACTOR: Así está mellor. Pero ¿de onde vou sacar flores para o teu baúl?

ACTRIZ: Non sei. Poderías facelas. De papel. Encontrarás moito dentro do noso baúl.

ACTOR: Quizais. (*Reflexiona*) ¡Si! Poñerei flores de papel sobre o teu baúl.

ACTRIZ: Grazas.

ACTOR: ¿Algo máis?

ACTRIZ: (*De pronto imperativa*) Cando o abras debes ter moito coidado; non quixera que o vento levara parte das miñas cinzas por alí, como pasou a última vez con mamá. ¡A pobre! Sempre se coidou de xuntarse con xente inferior e agora quén sabe con qué clase de xentalla andará mesturada.

ACTOR: ¿Algo máis?

ACTRIZ: Manterás o meu baúl pulcro. Desagrádame pensar que poida descoidarse a miña aparencia persoal.

ACTOR: (*Amolado*) ¿Algo máis?

ACTRIZ: Non. Nada máis. Iso é todo.

ACTOR: ¡Ben! (*Cruel*) entón que descanses en paz.

Vai ao outro extremo do baúl. Saca unha navalla do peto do seu pantalón. Úsaa para quitar a cotra que leva entre as uñas. Pausa longa.

ACTRIZ: Anton...

ACTOR: ¿Que?

ACTRIZ: ¿Dáche medo a morte?

ACTOR: A morte... (*Observa a navalla, case dunha maneira enfermiza*) É tan só un paso. A vida en cambio...

ACTRIZ: ¡A vida! (*Incerta*) ¿Ten realmente importancia?

ACTOR: Non o sei.

ACTRIZ: Quizais para outros...

ACTOR: Tal vez.

ACTRIZ: ... que se atopen fora deste pequeno laberinto...

ACTOR: ¡Intricado labirinto!

ACTRIZ: ... no que estamos inmersos...

ACTOR: ¡Ata o cu!

ACTRIZ: ... sen atopar saída posible. (*Pausa*) O costume embrutece...

ACTOR: (*Cortase*) ¡Merda!

ACTRIZ: (*Sobresaltada*) ¿Qué che pasou?

ACTOR: (*volve a cabeza para non mirar o dedo ferido. Xestos de dor*) ¡Cona! ¡Cona! ¡Cona! Corteime.

ACTRIZ: A ver... ¡Achégate! (*O Actor aproxímase á Actriz sen baixarse do baúl*) Non é nada.

ACTOR: ¿Sangra?

ACTRIZ: Non.

ACTOR: Déixame ver.

Mírase o dedo. Precavido.

ACTRIZ: (*Despectiva*) ¡Un pinchazo maricón!

ACTOR: (*Resentido*) Evidentemente porque non se trata do teu dedo. (*tráxico*) ¿Que tal se me tivese acernado a falanxe? (*Mostra a man coma se lle faltara parte dun dedo*) ¿Ou a man enteira? (*Esconde a man na manga do seu xerse*) Arrepicante, ¿non?

ACTRIZ: (*Érguese súbita*) ¿Xa amence?

ACTOR: Non sei. (*Mira cara o ceo*) A Lúa moveuse un pouco. Moito. Nada.

ACTRIZ: seguen pasando os minutos...

ACTOR: ¡É parva!

ACTRIZ: ¿Que?

ACTOR: A túa teima de levar o tempo.

ACTRIZ: ¿Que queres? Vivo agora; neste xusto momento, por iso teño a necesidade de contabilizar cada segundo.

ACTOR: ¡Non! ¡Vivimos antes! ¡Sempre viviremos antes!

ACTRIZ: (*Aparte, amolada*) Aquí imos de novo...

O Actor deixa o baúl e camiña cara o público. Mirada fixa; pasos precisos.

ACTOR: (*Monótono*) Cada momento que pasa é momento vivido. Cada minuto que pasa é minuto vivido. Cada segundo que pasa é segundo vivido. Cada microsegundo que pasa é...

ACTRIZ: ¡Basta!

O Actor detense por un momento e despois continúa

ACTOR: Neste preciso instante, as miñas PA-LA-BRAS, vanse quedando no PA-SA-DO, inevitablemente. Vivimos pois antes. Isto que digo, dígoo onte. Pasado mañá e ant...

ACTRIZ: *(Ao público, amolada)* Agora ven o do burato na barca...

ACTOR: É como navegar nunha barca na que hai un burato. A auga entra e nos sacámola para non naufragar. *(Xestos reiterativos)* A auga entra e nos sacámola a auga entra e nos sacámola a auga entra e nos sacámola a auga entra e nos ... *(Pausa)* Pero, sen darnos conta, que a auga que botamos fora é a mesma que, a cada momento, entra no interior da barca *(Pausa)* Identicamente igual.

Silencio longo.

ACTRIZ: Entendernos é difícil.

ACTOR: Dificilísimo.

ACTRIZ: Un día quizais o lograremos.

ACTOR: É posible.

ACTRIZ: Sen empeño algún da nosa parte.

ACTOR: Iso é.

ACTRIZ: Por agora debemos conformarnos.

ACTOR: Coma sempre.

ACTRIZ: Sentir que nos entendemos sen chegar a comprendernos.

ACTOR: Así é.

ACTRIZ: Pero , bastará con isto?

ACTOR: He aquí o gran dilema.

Silencio longo.

ACTRIZ: Ben , e agora qué?

ACTOR: Vaia Deus a saber.

ACTRIZ: ¿Non se che ocorre nada máis?

ACTOR: Esgotei todos os meus recursos.

ACTRIZ: Tamén eu. *(Pausa)* O final parece inevitable.

ACTOR: Certamente.

ACTRIZ: ¡Mágoa! Gústame estar aquí. Divírteme.

ACTOR: Tamén a mín.

ACTRIZ: *(Mirando cara o público)* Observar que me observan...

ACTOR: Que rico!

ACTRIZ: Aínda que hai algo neste lugar que non me termina de cadrar, que detesto...

ACTOR: *(Achegándose cara a Actriz, mirando ao seu redor)* Pero si non é tan feo.

ACTRIZ: Non sei. É algo que me produce repugnancia.

ACTOR: ¿Qué será?

ACTRIZ: Unha presenza.

ACTOR: ¡Ideas túas!

ACTRIZ: A veces síntoa tan próxima a min... *(O Actor, que está a un lado dela, instintivamente, aparta)* Despois lonxe. *(O Actor regresa rapidamente ao lado da Actriz)* No entanto, de improviso, síntoa preto de novo...

ACTOR: Merda!

ACTRIZ: Que ocorre?

ACTOR: Dixen merda. Falemos sobre outra cousa.

ACTRIZ: Pero contábache sobre a mi..

ACTOR: *(Cortante)* Só falemos de outra cousa, ¿queres?

ACTRIZ: Ben, escóitote...

Silencio.

ACTOR: O ancián parecíase a ti.

ACTRIZ: Que ancián?

ACTOR: O da historia.

ACTRIZ: Que historia?

ACTOR: O can a mín.

ACTRIZ: Que can?

ACTOR: O da historia.

ACTRIZ: Que historia?

ACTOR: (*Colérico*) ¡Cona! ¡A historia! ¡Unha historia! ¡Calquera historia!

ACTRIZ: (*Inquisidora*) ¡O seu nome!

ACTOR: Non ten.

ACTRIZ: (*Asombrada*) Non ten? Como que non ten?

ACTOR: En absoluto. Non ten.

ACTRIZ: Veña! Ten que ter un nome!

ACTOR: Por que?

ACTRIZ: Todas as cousas téñeno. (*Testos*) Ti tes nome, eu teño nome, eles teñen nome.

ACTOR: Pois esta historia non ten.

ACTRIZ: Como recoñecela entón entre outras tantas historias?

ACTOR: (*Siloxístico*) As outras teñen o seu nome, esta non o ten, así que, é perfectamente distinguible entre as demais... Vou continuar.

ACTRIZ: (*Tapase os oídos, testana*) ¡Négome a escoitar unha historia sen nome!

ACTOR: ¡Merda! ¡Merda! ¡Merda!

ACTRIZ: Non te enfades. É unha actitude moi humana. É imposible resistirnos á tentación de darlle nome as cousas que non o teñen. Isto, cómo diría... subordina estas cousas a nosa vaidade. ¿Entendes agora?

ACTOR: Ben.

ACTRIZ: A ver, axúdoche: ¿cáles son os personaxes da historia?

ACTOR: (*Tras reflexionar*) O can e o ancián.

ACTRIZ: ¡Perfecto! (*Pensa*) Vexamos... (*Pensa*) Ancián... Can... (*Pensa*) Can... Ancián... Veña, pensa ti tamén, bótame unha man.

ACTOR: Vexamos... (*Pensa*) Ancián... Can... (*Pensa*) Can... Ancián... (*Pensa*) ¡Non! ¡Nada!

ACTRIZ: ¡Sigue pensando! ¡Sigue pensando!

ACTOR: ¡Penso, penso, penso!

ACTRIZ: (*Súbita*) ¡Xa está! ¡Por fin o teño!

ACTOR: ¿Tes un nome?

ACTRIZ: "A historia do can e o ancián".

ACTOR: Soa ben.

ACTRIZ: ¡Perfecto! ¡Veña, busca a champaña!

ACTOR: ¡¿Cómo?!

ACTRIZ: A champaña... Haberá un bautizo, ¿non? Polo que debe haber champaña...

ACTOR: ¡Certo!

Corre ata o baúl. Ábreo. Saca unha botella e dúas copas. Regresa xunto a Actriz.

ACTRIZ: Tamén deberíamos vestir de acordo a ocasión.

ACTOR: ¡Certo! *(Deixa a botella e as copas no chan. Vai ata o baúl. Ábreo. Saca dúas levitas. Regresa xunto a Actriz. Entrégalle unha das levitas. Póñenas. Colle a botella e as copas.)* ¿E ben?

ACTRIZ: ¡Descórcha!

O Actor entrégalle as copas a Actriz. Abre a botella. Sirve as dúas copas. Deixa a botella no chan, a un lado.

ACTOR: ¿E agora?

ACTRIZ: O meu discurso. *(Levanta a súa copa)* Polas infinitas facultades que me confire tal ou cal investidura, etcétera. Posto que é ben sabido que os nomes non son tan so nomes, de aí “La importancia de chamarse Ernesto”, etcétera. E sumando a todo isto a situación cada vez máis deprimente na que se afunde o mundo actual, etcétera. Compráceme bautizar a historia, unha historia, calquera historia, etcétera, etcétera. Grazas.

Bebe a súa copa ata o fondo, despois tíraa. O Actor imítala. Pausa.

ACTOR: Moi breve discurso.

ACTRIZ: Un tanto concreto.

ACTOR: Inintelixible.

ACTRIZ: Como calquera outro discurso.

ACTOR: Evidentemente.

Pausa.

ACTRIZ: ¿E ben?

ACTOR: ¿Qué?

ACTRIZ: ¡A historia!

ACTOR: Certo. Certo. *(Pensa)* Vexamos... *(Pensa)* Por suposto que... *(Pensa)* A non ser que... *(Pensa)* Creo que non... *(Pensa)* ¡Un momento! ¡Un momento! *(Pensa)* No entanto... *(Pensa)* ¡Non! ¡Non! *(Pensa)*... mmmhh... ¡Merda!

ACTRIZ: ¿Qué ocorre?

ACTOR: Esquecina.

ACTRIZ: ¡¿Esqueciches a historia?!

ACTOR: Si. Me cago na cona.

ACTRIZ: ¡Bravo! ¡É xenial! Antes tiñamos unha historia sen nome e agora temos un nome sen historia. ¡É xenial! Non todos os días nos suceden cousas como estas.

ACTOR: *(Recorda)* Un can...

ACTRIZ: De seguir así pode que os nosos días cheguen a diferenciarse...

ACTOR: *(Ídem)* Un ancián...

ACTRIZ: E ti poderías continuar coa nosa biografía...

ACTOR: *(Ídem)* ¡O can e o ancián!

ACTRIZ: Quedaría unha clara testemuña do noso paso polo mundo, co que, deixariamos de ser sinxelamente carroña...

ACTOR: *(Contentísimo)* ¡Iso é! ¡Iso é! ¡Carroña! ¡Carroña!

ACTRIZ: ¿Qué?

ACTOR: O ancián vivía gritándolle o can *(Sentencioso)* "¡Cochino! ¡Carroña!"

ACTRIZ: ¿Recordáchela historia?

ACTOR: *(Satisfeito)* De principio a fin.

ACTRIZ: *(Decepcionada)* Estragáchelo todo.

ACTOR: ¡¿Cómo?!

ACTRIZ: Por primeira vez sentía que algo cambiaba nas nosas vidas pero ti recordáchela historia. Todo sigue igual. Nada cambiará. ¡Qué máis da!

Quita a levita. Dóbraa. Bótaa no baúl. Regresa xunto ao Actor.

ACTOR: *(Ao público)* A historia, en fin, é esta: o ancián e o can viven nunha pequena habitación, sos. A forza de vivir xuntos terminan por parecerse, no entanto, detéstanse. Día tras día o ancián saca o can a pasear. Con collar e correa e sempre o mesmo lugar. O can, emocionado, tira do ancián ata facelo tropezar, entón o ancián pégalle e insúltao: "¡Cochino! ¡Carroña!". O can treme de terror, mira o seu amo, o ancián mírao con odio e tira del o resto do camiño. Pronto o can esquecese e volve a tirar do ancián, este tropeza e de novo pégalle e insúltao, "¡Cochino! ¡Carroña!". Así todos os días. Cando o can se lle ocorre mexar, o ancián non lle da tempo e tira; entón o can deixa tras de si un "regueiro de gotiñas". *(Pausa)* Un bo día, nun destes paseos, o ancián distraese e o can escapase. O ancián queda inconsolable. Insulta e maldice o animal, "¡Cochino! ¡Carroña!". *(Pausa)* Polas noites, cando escoita ladrar algún outro can, pensa que é o seu, entón mira a inmensidade valeira da habitación e chora, inconsolable.

Silencio.

ACTRIZ: É unha historia triste.

ACTOR: Como toda boa historia.

ACTRIZ: Conténtame que a recordaras.

ACTOR: Grazas.

Silencio.

ACTRIZ: Dun momento a outro as luces extinguiranse.

ACTOR: Así é.

ACTRIZ: Mañá todo irá mellor.

ACTOR: ¿No é esa unha das nosas mentiras?

ACTRIZ: ¿É?

ACTOR: iso creo...

Vai cara o baúl. Quita a levita. Bótaa dentro. Senta no mesmo lugar onde estaba a Actriz, ao comezar o acto. Mira cara arriba coma se buscara algo.

ACTRIZ: O costume embrutece. *(Pausa)* Todo acaba para volver a comezar. A ruleta sigue o seu recorrido inesgotable e nos con ela posto que somos unha casiliña numerada máis... *(Pausa)* Todo é cuestión de puro azar.

ACTOR: *(Marabillado)* ¡Unha estrela! ¡Unha estrela fugaz!

O Actor pecha os ollos. Desexa fervorosamente. As luces comezan a extinguirse.

ACTRIZ: Alguén nos tomou como escusa para exorcizar os seus medos, a súas teimas. Para poñer na nosa boca o que a súa propia boca non se atreve a dicir... E como todo obxecto prestado ten que volver as mans do seu dono, a nosa existencia de ficción está chegando o seu fin...

ACTOR: Ven, Lucia. Pidamos un desexo.

ACTRIZ: ¡Nada que facer! O final está aquí. Imposible escapar por máis tempo. Quixemos prolongar a súa chegada pero agora é irremediable, terminouse o texto e carecemos doutros recursos. *(Toma a saba que aínda está no mesmo lugar onde a deixou caer no acto primeiro. Desdóbraa pona por riba)* Terrible non saber por

qué as veces facemos as cousas que facemos, por qué repetimos as mesmas palabras, os mesmos xestos, os mesmos pensamentos inútiles. (*Inexpresiva*) Detestar coa mesma intensidade coa que se ama, sempre, para volver amar e detestar. Unha e outra vez. Unha e outra vez. Unha e outra vez. (*Pausa*) “Amor e odio son cornos da mesma cabra”. Sn dubida. (*Increpante*) ¿Nunca nos fartaremos de regresar sobre os nosos pasos? (*Pausa larga*) “Curioso que vivir poida volverse unha pura aceptación”.

Vólvese. Camiña cara o baúl. Déitase onde estaba o Actor ao comezar o acto. Finxe durmir. Escuridade total.
FIN